

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 7 DE XULLO DE 2021.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día sete de xullo de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa Presidenta, D^a. LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Adjudicouse a contratación da subministración de escultura da peza única "Peregrina en Lugo" (Expte. Ref. 2020/C004/000017).

Aprobase a rectificación do acordo da Xunta de Goberno Local número 5/375, de 16 de xuño, relativo á contratación da subministración mediante lotes da subministración de zorra (Lote 1) e de gravilla para regos (Lote 2) [Expte. Ref. 2021/C004/000002], por erro no importe do orzamento máximo.

Aprobase a contratación do servizo de mantemento e conservación de zonas verdes e arboredo urbano no Concello de Lugo. Aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adjudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada. Apertura do procedemento de adjudicación. Expte. Ref. 2021/C003/000019.

Tamén se aprobou o procedemento de licitación para o alleamento de vehículos municipais declarados efectos non utilizables (Lote 1) así como a venda de vehículos retirados da vía pública, sitios no depósito municipal (Lote 2). Expte. Ref. 2021-C005-000027.

Aprobase, así mesmo, a contratación da obra "Mellora do firme da estrada municipal da LU-P-2903 a Prógalo. Parroquia de Prógalo", obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación. Aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adjudicación por procedemento aberto simplificado. Apertura do procedemento de adjudicación. (Expte. Ref. 2021-C002-000041); a contratación da obra "Mellora do firme da estrada municipal da N-640 (Estrada de Meira) a Pedreda. Parroquia de Pedreda". Obra incluída no Plan

ACTAS E GOBERNO

MGF/cal

Refª: ispac1085326337092565643.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-7-2021

Provincial Único de Cooperación. Aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado. Apertura do procedemento de adxudicación. Expte. Ref. 2021-C002-000036 e a contratación da obra "Mellora do firme da estrada municipal da LU-P-2903 ao Rego de Mera". Obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación. Aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado. Apertura do procedemento de adxudicación. Expte. Ref. 2021-C002-000040.

2. PERSOAL.- Aprobouse a cobertura temporal por comisión de servizos de dous postos de Oficial Lector/a do Excmo. Concello de Lugo.

Denegouse a solicitude de autorización tripla permuta Policías Locais.

Aprobouse a modificación do acordo 5/584 aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de Arquivo/a pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre (OEP 2020) en relación aos membros do tribunal cualificador, Base 9.

Aprobáronse, así mesmo, as Bases para a selección de catro socorristas para "Vixilancia e salvamento acuático en áreas recreativas fluviais" e as Bases para a selección de persoal para a "Brigada de prevención de incendios forestais" nas propiedades municipais na Zona Rural.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN TERRITORIAL

3. MEDIO AMBIENTE.- Aprobouse a convocatoria de subvencións nominativas 2021. Aprobación da subvención nominativa á Sociedade Protectora de Animales y Plantas para financiar o Proxecto de acollida e coidado de animais abandonados, campañas de publicidade, educación e concienciación, ano 2021.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

4. DEPORTES.- Aprobáronse as Bases Xerais reguladoras para a concesión de subvencións ás asociacións deportivas e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro, que desenvolven a súa actividade no eido de Deportes (Área de Cohesión e Dinamización Social) e para a promoción e o fomento do deporte e actividade física no Concello de Lugo-exercicio económico 2021.

5. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Aprobouse o acordo de ratificación da adhesión á Asociación Nacional de Centros de Empresa e Innovación Españoles (ANCES) e aprobáronse as Bases Reguladoras e apertura da convocatoria da concesión ás asociacións e entidades sen ánimo de lucro, para a dinamización económica no exercicio 2021, no eido da Área de Cohesión e Dinamización Social.

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

6. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Aprobouse a licenza urbanística para rehabilitación integral de edificación tradicional para uso de vivenda unifamiliar no núcleo rural 38.3 Astrar, parroquia de Pedreda. (Expte: 224/2018).

Tomouse razón da revocación da licenza concedida pola Xunta de Goberno municipal de data 2 de marzo de 2011, para a construción agrícola en solo rústico para a garda de útiles de labranza en Chousa-Fafián, Polígono 339, Parcela 220, anulándoa e deixándoa sen efecto, na execución da Sentenza firme ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Procedemento 4089/2020, en data 5 de febreiro de 2021, (Expte: 330/2010).

Aprobáronse as seguintes licenzas: para a instalación térmica de biomasa en edificio independente e instalación fotovoltaica en marquesinas do aparcadoiro, no antigo Hospital Xeral de Lugo, na rúa Serra de Outes, esquina coa rúa Orquídea. (Expte: 2020/Y001/000329); para modificación da posición dos pilares 11 e 8 e modificación de distribución en planta baixa e soto, na edificación con licenza urbanística número 163/2018, na rúa Río Louzaneta, número 11, do Polígono 1, Louzaneta Sur-B, UZPI-3R. (Expte: 188/2019) e para rehabilitación de edificación tradicional para pensión con comedor, sita na Rúa da Chanca, número 15, (Expte: 2020/Y001/000093).

Desestimouse o recurso de reposición interposto contra a resolución da Xunta de Goberno de data 5 de maio de 2021 (Expte: 44/2019).

Fóra da orde do día

Aprobouse a contratación mediante dous lotes do servizo de mantemento das vías públicas municipais da Zona Rural no Concello de Lugo, primeira prórroga (Expte. Ref. 2020/C003/000024).

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcadesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.